

VIÑEDOS ALTOS DE TORONA, S.L.
Estrada Puxeiros – Peinador, 51
36416 – **MOS**

Servizo de Montes

Referencia: CFA 050/2019

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL DE CAMBIO DE ACTIVIDADE FORESTAL A AGRÍCOLA SOLICITADO POR VIÑEDOS ALTOS DE TORONA, S.L.

FEITOS

PRIMEIRO. D. Horacio Gómez Araujo, en representación de Viñedos Altos de Torona, S.L., o 6 de febreiro de 2019, solicitou o cambio de actividade forestal a viñedo das parcelas 301, 392 e 397, do polígono 33, do concello de Boqueixón, acompañada dunha memoria de incidencia ambiental simplificada.

SEGUNDO. O 22 de marzo de 2019 solicítaselle informe ao Distrito Forestal III.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRA. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establece no artigo 60 o procedemento para os cambios de actividade forestal a agrícola. O artigo 8 da Lei establece que por administración ou órgano forestal enténdese o órgano da Comunidade Autónoma con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencia en materia de montes.

SEGUNDA. O Decreto 149/2018, do 5 de decembro, establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, na que se atribúe á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal a competencia para resolver os cambios de actividade forestal a agrícola. Por Resolución do 19 de xuño de 2013, delégase a competencia de resolución nas Xefaturas Territoriais da Consellería.

TERCEIRA. Son tamén de aplicación a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018 de 5 de decembro.

CUARTA.- O 3 de abril de 2020, o Distrito Forestal III emite informe, nos que sinala o seguinte:

1. As tres parcelas forman unha superficie de 8,47 ha na que predomina unha masa asimilable o modelo selvícola QU1.
2. Ao tratarse da tala dunha masa forestal co propósito de cambiar a outro tipo de actividade e afectar a especies frondosas do anexo I da lei de montes de Galicia maiores de 10 anos, e necesaria unha autorización da autoridade forestal logo da xustificación da actividade agrícola por parte do promotor segundo o artigo 60.1 da Lei de montes de Galicia.
3. Así mesmo para dita actuación é necesaria unha avaliación ambiental simplificada, prevista na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE do 11/12/2013) .

QUINTA.-Con data 9 de maio de 2019 a sociedade promotora presenta a solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada.

SEXTA.- O 29 de maio de 2019, dáse traslado da solicitude de avaliación e documentos que a acompañan á Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental.



SÉTIMA.- O 3 de xuño de 2019, o Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos solicita ao promotor, por medio deste Servizo de Montes, unha corrección da documentación previa ao inicio da tramitación ambiental que é trasladada ao Órgano Ambiental o 9 de xullo de 2019.

OITAVA.- 16 de xullo de 2019 o Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos solicita aclaracións ao proxecto á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Medio Rural que son remitidas ao Órgano Ambiental o 18 do mesmo mes.

NOVENA.- O 11 de outubro de 2019, remítese ao Órgano ambiental informe complementario do Servizo de Montes.

DECIMA.- O Órgano Ambiental, en data 15 de maio de 2020, require do Servizo de Montes, aclaracións sobre os cambios de actividade adicados a viñedo no concello de Boqueixón por ser necesarios para a emisión do informe de Augas de Galicia, dos cales dáse traslado o 8 de xullo.

UNDÉCIMA.- Con data 18 de setembro de 2020 recíbese neste Servizo, informe de impacto ambiental (IIA), formulado pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, que na súa resolución d0 17 do mesmo mes, conclúe que non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

DUODÉCIMA.-No expediente consta acreditación do rexistro de explotacións agrarias de data 22 de marzo de 2019, no que a sociedade solicitante é titular da explotación agrícola G-3604800684.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

AUTORIZAR o cambio de actividade forestal a viñedo das parcelas 301, 392 e 397, do polígono 33, do concello de Boqueixón xa que dito cambio non interferiría no desenvolvemento forestal da zona,

Así mesmo, ponse no seu coñecemento que o informe do distrito forestal, sinala que as parcelas teñen **unha afección de augas** polo que deberá dirixirse a Augas de Galicia, Zona Hidrográfica Galicia Centro, na rúa Tomiño, 16 baixo, en Santiago (tfno: 981 544 933), para informarse sobre os permisos e autorizacións que puidesen ser necesarios.

Deberá ter en conta as condicións ambientais que figuran no apartado 4 da Resolución da Dirección Xeral De Calidade Ambiental e Cambio Climático, pola que se formula o informe de impacto ambiental do proxecto de cambio de uso de forestal a agrícola de varias parcelas na parroquia de Donas, promovido por Viñedos Altos de Torona, S.L. **As ditas condicións figuran como anexo nesta resolución.**

Esta autorización estará suxeita ao cumprimento das seguintes actuacións:

1. O cambio de actividade deberá levarse a cabo no prazo de **6 meses** a partir do día da notificación da presente resolución. Transcorrido ese prazo sen facer efectivo o cambio, esta resolución quedará sen efecto.
2. Deberanse facer os traballos de instauración do cultivo evitando ao máximo a degradación do solo pola erosión. O cambio de actividade do terreo levarase a cabo seguindo as recomendacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias no referente a aplicación dun aboado razoable e de respecto ao medio ambiente.
3. Lembrámoslle que, segundo o previsto no artigo 10 do Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), os titulares de explotacións deberán comunicar as modificacións substanciais que nela se produzan, entre as que se inclúen os cambios nas orientacións produtivas ou as variacións na superficie da base territorial. Estas actualizacións dos datos rexistrados realizaranse empregando o formulario normalizado MR408B, dispoñible na Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou na súa Oficina Agraria Comarcal de referencia.

A presente autorización non presupón ningún dereito de propiedade nin prexuízo de terceiros e, en caso de litixio, a responsabilidade será do solicitante, que tamén a terá no suposto de inexactitude, falsidade



ou omisión de datos esenciais aos que se refire o artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que non finaliza a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña,
O Director Xeral de Planificación e Ordenación Forestal
P.D. (Resolución do 19/06/13 DOG 01/07/13)

